

*Resolución Reitoral de 31 de xaneiro de 2018 pola que se resolve a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación na 7ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende.*

Con data 11 de decembro de 2017 publicouse no taboleiro de anuncios do edificio Xerencia-Servizos Centrais a Resolución pola que se convocou a 7ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende na que se premiarán ás ideas emprendedoras do alumnado así como das persoas tituladas pola Universidade de Vigo cunha estadía gratuíta nas Pre-incubadoras da Universidade de Vigo nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na convocatoria establécese un prazo de presentación de solicitudes con data de remate o día 19 de xaneiro de 2018, prazo que foi prorrogado até o 31 de xaneiro de 2018 mediante Resolución Reitoral do 9 de xaneiro de 2018. Novas circunstancias fan estimar a conveniencia dunha ampliación do devandito prazo e á vista do establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta reitoría

**RESOLVE:**

1. Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de participación na 7ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende ata o día **5 de febreiro de 2018**.

Segundo o establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas este acordo non é susceptible de recurso, sen prexuízo de que poida alegarse a oposición a este trámite polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.


Vigo, 31 de xaneiro de 2018

O reitor

Por delegación de competencias,

P.D. Resolucións Reitorais do 7 de maio de 2014 (DOG nº 90 de 13 de maio de 2014) e do 21 de maio de 2014 (DOG nº 100, de 27 de maio de 2014)

A vicerreitora de Estudantes



Dolores González Álvarez

